



Este **22 de maio** é o **Día Mundial da Biodiversidade**, un acordo da ONU para conmemorar a sinatura en 1992 da Convención Internacional para a Diversidade Biolóxica en Nairobi (Kenia).

Este ano, o lema é

["Auga e](#)

[Biodiversidade"](#)

para resaltar o papel da biodiversidade e os ecosistemas en garantir a seguridade da auga e o desenvolvemento sustentábel. En Galiza, moitos dos nosos máis valiosos ecosistemas húmidos, dende as serras interiores até a costa, están en perigo xunto coa enorme biodiversidade que acubillan. Son as políticas públicas sectoriais (

[enerxética](#)

,
[mineira](#)

, de infraestruturas...) e a nefasta xestión dos espazos naturais, a principal ameaza aos servizos ecosistémicos que prestan á sociedade: Auga limpa, autodepuración, xeración de biomasa, amortecemento dos impactos do cambio climático... Sen ecosistemas sans e biodiversos, non será posíbel termos auga limpa e alimentos para todos/as. Mentres, ADEGA segue a traballar a prol da biodiversidade:

[Construindo outra charca](#)

,
[eliminando flora exótica](#)

dos nosos ríos ou

[celebrando a diversidade](#)

con música, curtas e roteiros.

